

ACTA

Expediente nº	Órgano Colegiado
PLN/2025/6	O Pleno

DATOS DE CELEBRACIÓN DE LA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Fecha:

30 de xuño de 2025

Duración:

Desde las 20:00 hasta las 1:51

Lugar:

Salón de Plenos

Presidida por:

JOSÉ TOMÉ ROCA

Secretario:

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO

ASISTENCIA Á SESIÓN

	Nome e Apelidos	Asiste
	JOSE TOMÉ ROCA	SÍ
	IBAN TORRES RODRIGUEZ	SÍ
	GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ	SÍ
	JOSE LUIS LOSADA FERNANDEZ	SÍ
	MARIA DEL PILAR ESPINOSA NOVELLE	SÍ
	MARINA MARIA DOUTON RAJO	SÍ
	JOSE MANUEL MOUGAN SOBREDO	SÍ
	REGINA LOPEZ ARIAS	SÍ
	GUILLERMO DIAZ AIRA	SÍ





	MARGARITA LOPEZ RODRIGUEZ	SÍ
--	---------------------------	----



	KATHERINE VARELA FERNÁNDEZ	SÍ
	JOSE LUIS RODRIGUEZ VARELA	SÍ
	MARIA LUISA VAZQUEZ LÓPEZ	SÍ
	EMILIO IVAN VAZQUEZ RODRIGUEZ	SÍ
	EMILIO JOSE SANCHEZ RODRIGUEZ	SÍ
	MANUEL LUACES FERNÁNDEZ	SÍ
	JAIME GERMAN VAZQUEZ PEREZ	SÍ
	ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ	SÍ

Una vez verificada por el Secretario la válida constitución del órgano, el Presidente abre sesión, procediendo a la deliberación sobre los asuntos incluidos en el Orden del Día.

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE 26 DE MAIO DO 2025	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Apróbase por unanimidade a acta da sesión de 26 de maio do 2025.

Intervencións:

<https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/yFNo1iN6fnqMNZD4F7gb0E3LzN3YCBgXAaHPZDfMT2IGwbdy>

Expediente 2870/2025. Modificación de Créditos	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Feitos e fundamentos de dereito:

Asunto: Axuste a baixa do expediente de suplemento de crédito aprobado polo Pleno o 31 de marzo de 2025.

No expediente da Conta Xeral 2024, consta informe de intervención do 5/06/2025, con motivo da duplicidade de cargo de recadación que se traslada no concepto orzamentario de ingresos 396.10 “ Cotas de urbanización zona C “ por importe de 1.033.544,91 €. Esta duplicidade é consecuencia de un fallo no programa de SWAL de recadación-contabilidade, non detectado con anterioridade. Dado que é un importe significativo con repercusión en magnitudes orzamentarias, se considero conveniente anular dita duplicidade en data 31 de



decembro, coa finalidade de que a contabilidade reflicta a imaxe fiel da realidade económico-financeira e patrimonial do Concello na Conta xeral 2024.

En consecuencia substituíronse os estados financeiros afectados na Conta xeral e na liquidación do orzamento 2024. Modificáronse os importes afectados no informe de intervención da Conta xeral, na Memoria, na liquidación do orzamento 2024, e no informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto, débeda pública e período medio de pago con motivo da liquidación do orzamento do concello de Monforte de lemos no exercicio 2024 a nivel consolidado, e débese axustar a baixa o expediente de suplemento de crédito aprobado polo Pleno o 31 de marzo do 2025, financiado con Remanente de tesourería para gastos xerais, logo de que o importe do mesmo redúcese en 1.033.544,91 €. O dito expediente entrou en vigor o 3 de maio de 2025.

Vista a proposta de resolución PR/2025/3512 de 18 de xuño de 2025.

Resolución:

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros /as do Grupo municipal Socialista e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto.

1. Aprobar inicialmente o axuste a baixa da modificación de suplemento de crédito aprobado polo Pleno o 31 de marzo de 2025 polo importe de 1.033.544,91 €, co seguinte detalle:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA			IMPORTE
1532	61900	Vías públics. Inv. de reposición en infraestruturas destinadas ó uso xeral.	-500.000,00
171	61900	Parques e xardíns. Inv. de reposición en infraestruturas destinadas ó uso xeral.	-250.000,00
342	63200	Instalacións deportivas. Edificios e outras construcións.	-150.000,00
454	61900	Camiños. Inv. de reposición en infraestruturas destinadas ó uso xeral.	-133.544,91
		Total	-1.033.544,91 €

FINANCIAMENTO:

Concepto Ingresos	Denominación	Importes
-------------------	--------------	----------



870.00	Remanente Líquido de Tesourería para	-1.033.544 ,91€
Gastos Xerais		

2. Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no BOP, todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Intervencións:

<https://videoplano-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/nqw2WpSMR9VAjg7PbwI7NIW6L54SHHv0tbzp4KYRjcKSM7VU>

Expediente 6527/2025. Aprobación Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola utilización da piscina municipal

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Feitos e fundamentos de dereito:

PRIMEIRO.- Vistos os ingresos estimados do Contrato de prestación de servizos de actividades deportivas e outros servizos auxiliares no complexo deportivo da Pinguela.

SEGUNDO.- Vistos o estudio económico do Contrato de prestación de servizos de actividades deportivas e outros servizos auxiliares no complexo deportivo da Pinguela.

TERCEIRO.- Vista a Ordenanza Fiscal reguladora da Tasa pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas.

CUARTO.- Visto o informe de xestión tributaria e Tesourería, no que sinalan:

PRECEPTOS NORMATIVOS

O artigo 20, apartados 1 e 4.o), do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (en diante, TRLRHL), dispón que as entidades locais poderán establecer taxas pola prestación de servizos públicos que se refiran, afecten, ou beneficien de maneira particular aos suxeitos pasivos, entre outros, por casas de baños, duchas, piscinas, instalacións deportivas e outros servizos análogos. Segundo resulta do artigo 25 do TRLRHL, as contías da taxa que teñen que satisfacer os suxeitos pasivos téñense que determinar á vista do informe técnico-económico no que se poña de manifesto a previsible cobertura do custo dos servizos. En canto á cuantificación das taxas, o artigo 24.2 do TRLRHL



establece o seguinte: “2. En xeral, e conforme o previsto no parágrafo seguinte, o importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, na súa falta, do valor da prestación recibida. Para a determinación do devandito importe tomaranse en consideración os custos directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, no seu caso, os necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade por cuxa prestación ou realización esíxese a taxa, todo iso con independencia do orzamento ou organismo que o satisfaga. O mantemento e desenvolvemento razoable do servizo ou actividade de que se trate calcularase con arranxo ao orzamento e proxecto aprobados polo órgano competente”.

ADECUACIÓN AO PRINCIPIO DE EQUIVALENCIA

Coa aplicación das taxas propostas cómprese o principio de equivalencia proclamado no artigo 24.2 do TRLRHL, onde se prevé que o importe das taxas pola prestación dun servizo non poderá exceder en conxunto, do custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate. Os ingresos que se prevén liquidar non exceden dos custos dos servizos, motivo polo cal se cumpre co previsto no artigo 24.2 do TRLRHL. Por todo o exposto, emítese informe favorable á aprobación Ordenanza Fiscal reguladora da Tasa pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas.

Vista a proposta de resolución PR/2025/3620 de 20 de xuño de 2025.

Resolución:

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto.

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a Ordenanza Fiscal reguladora da Tasa pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas.

SEGUNDO.- Expoñer ao público os acordos precedentes, mediante edicto, que se fixará na táboa de anuncios do Concello e se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión na provincia.

Durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o día seguinte da publicación do correspondente edicto no BOP, os interesados poderán examinar o expediente, e presentar as oportunas reclamacións. No caso de non presentarse reclamacións, o acordo provisional considerase elevado a definitivo.

No suposto que se presentasen reclamacións, procederase á súa resolución e á adopción dos correspondentes acordos de aprobación definitiva.

TERCERO.- Establecer que a ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e rexerá ata a súa modificación ou derogación



expresa.

Intervencións:

<https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/LLGJExw9Ofc7pVD8nUZQBLGJ4oj6BZFrp1uOj8kLmTckWzWW>

Documentos anexos:

- Anexo 1. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACION DA PISCINA MUNICIPAL

Expediente 3525/2024. Denegar a SERANCO S.A.U. con CIF A79189940 a solicitude de declaración de especial interese ou utilidade municipal e conseguinte bonificación do 30% na cota do ICIO para as obras de "Implantación de laboratorio de microbioloxía e área de cardioloxía no Hospital Comarcal de Monforte de Lemos" por resultar extemporánea.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Feitos e fundamentos de dereito:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- En data 9 de xullo de 2024, SERANCO S.A.U. con CIF A79189940 presenta solicitude de declaración de especial interese ou utilidade municipal e conseguinte bonificación do 30% na cota do ICIO para as obras de "Implantación de laboratorio de microbioloxía e área de cardioloxía no Hospital Comarcal de Monforte de Lemos".

SEGUNDO.- O solicitante actúa como suxeito pasivo substituto do contribuínte na súa condición de contratista adxudicatario das obras, segundo acredita mediante Resolución de Adxudicación do SERGAS de data 27 de maio de 2024.

TERCEIRO.- O proxecto contempla a remodelación do actual laboratorio de microbioloxía e a implantación dunha área de cardioloxía no Hospital Comarcal, actuando nunha superficie total de 610,80 m².

CUARTO.- Na memoria xustificativa presentada, o solicitante fundamenta a petición de bonificación no carácter social das obras, argumentando que se trata dunha actuación nun hospital público que permitirá mellorar a atención sanitaria da poboación da comarca mediante a implantación dun laboratorio de microbioloxía e unha área de cardioloxía da que carecía ata o momento o centro hospitalario, beneficiando a unha poboación de referencia de máis de 30.000 persoas. Sinala ademais que estas melloras son indispensables para dar unha correcta cobertura sanitaria á poboación da área e redundarán nunha mellor prestación dos servizos asistenciais no ámbito comarcal.

QUINTO.- Consta no expediente comunicación previa presentada polo SERGAS e autoliquidación do ICIO (recibo nº 2024-000047116) por importe de 14.270,70 euros, calculada sobre un orzamento de 713.534,90 euros, figurando como suxeito pasivo



contribuínte o Servizo Galego de Saúde (Q6550006H).

SEXTO.- A solicitude de bonificación preséntase por SERANCO S.A.U. como suxeito pasivo substituto do contribuínte, unha vez adxudicada a obra e antes do seu remate.

SÉTIMO.- Con data 27 de marzo de 2025 notificouse a SERANCO S.A.U. a Proposta de Resolución para a realización de alegacións.

OITAVO.- En data 9 de abril de 2025, SERANCO S.A.U. presenta escrito de alegacións ao abeiro do disposto no artigo 136 do Real Decreto 1065/2007.

NOVENO.- Con data 29 de maio de 2025, o Arquitecto Municipal emite informe técnico confirmando que a tramitación correspondente á obra é a de comunicación previa, conforme á normativa sectorial aplicable.

ALEGACIÓNS PRESENTADAS E ANÁLISE

PRIMEIRA ALEGACIÓN: O interesado sostén que a obra foi sometida a concesión de licenza de obras e non a comunicación previa, baseándose no Acordo da Xunta de Goberno Local de 11 de marzo de 2024.

O informe técnico do Arquitecto Municipal de data 16 de abril de 2025 é conclúnte ao establecer que, conforme á Lei 2/2016 do solo de Galicia e á Lei 38/1999 de Ordenación da Edificación, a obra referida non se encadra nos supostos que requiren licenza, senón que "a tramitación pertinente de dito acto de edificación é como comunicación previa". O feito de que no acordo administrativo se empregue o termo "licenza" non altera a natureza xurídica real do acto, que debe determinarse pola normativa aplicable.

SEGUNDA ALEGACIÓN: Argumenta que SERANCO S.A.U., como suxeito pasivo substituto, estaba lexitimado para solicitar a bonificación tras a adxudicación da obra.

Sen prexuízo de recoñecer a lexitimación do suxeito pasivo substituto para solicitar bonificacións, o problema radica nos prazos establecidos na normativa. Conforme ao artigo 7 da Ordenanza Fiscal do ICIO: "As bonificacións deberán solicitarse simultaneamente xunto coa solicitude da licenza de obras". No réxime de comunicación previa que rexe esta obra, a autoliquidación e o pagamento do imposto realízanse de forma simultánea á presentación da comunicación.

TERCEIRA ALEGACIÓN: Defende que as obras cumpren os requisitos para ser declaradas de especial interese municipal por concorrer circunstancias sociais.

Sen entrar a valorar o fondo das circunstancias alegadas, a extemporaneidade da solicitude impide o seu exame. O artigo 14 da Lei Xeral Tributaria establece que non se admitirá a analoxía para estender o ámbito das exencións e beneficios fiscais máis alá dos seus termos estritos.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Lexislación aplicable:



- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria
- Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras do Concello de Monforte de Lemos

II.- O artigo 103.2.a) do TRLRFL establece que as ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación de ata o 95% da cota do ICIO a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

III.- A Ordenanza Fiscal reguladora do ICIO do Concello de Monforte de Lemos desenvolve esta previsión no seu artigo 7, establecendo no apartado e) unha bonificación do 30% para "as demais obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento da ocupación que o xustifiquen".

IV.- Conforme ao artigo 7 da Ordenanza Fiscal, "Para poder gozar desta bonificación, os suxeitos pasivos do imposto deberán instar a solicitude de declaración de especial interese dentro do período comprendido dende a data da solicitude da licenza de obras a data da finalización do prazo de ingreso en período voluntario da liquidación provisional xirada en concepto de imposto sobre construcións, instalación e obras".

V.- O artigo 8 da Ordenanza Fiscal establece que "No suposto de presentación de declaración responsable ou comunicación previa establécese o réxime de autoliquidación". Neste réxime, o suxeito pasivo debe autoliquidar e ingresar o importe do imposto con carácter previo ou simultáneo á presentación da comunicación previa.

VI.- No presente caso, a solicitude de bonificación resulta extemporánea polos seguintes motivos: a) Ao tratarse dunha obra sometida a comunicación previa, rexe o réxime de autoliquidación. b) Neste réxime, a solicitude de bonificación debería terse presentado xunto coa comunicación previa e a autoliquidación do imposto, xa que non existe propiamente un prazo de ingreso en período voluntario. c) A presentación da solicitude unha vez realizada a comunicación previa e a autoliquidación resulta extemporánea e impide a concesión do beneficio fiscal.

VII.- O artigo 14 da Lei Xeral Tributaria establece que non se admitirá a analoxía para estender máis alá dos seus termos estritos o ámbito das exencións e demais beneficios ou incentivos fiscais.

VIII.- As alegacións presentadas non desvirtúan a natureza de comunicación previa da obra, conforme acredita o informe técnico do Arquitecto Municipal, nin a extemporaneidade da solicitude de bonificación.



IX.- De conformidade co Real Decreto 1065/2007, de 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos (RGAT), en concreto o seu artigo 136, que regula o procedemento para o recoñecemento pola Administración tributaria de beneficios fiscais de carácter rogado.

Vista a proposta de resolución PR/2025/3566 de 18 de xuño de 2025.

Resolución:

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto.

PRIMEIRO.- DENEGAR a SERANCO S.A.U. con CIF A79189940 a solicitude de declaración de especial interese ou utilidade municipal e conseguinte bonificación do 30% na cota do ICIO para as obras de "Implantación de laboratorio de microbioloxía e área de cardioloxía no Hospital Comarcal de Monforte de Lemos" por resultar **extemporánea**.

SEGUNDO.- DENEGAR consecuentemente a bonificación do 30% na cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras solicitada para ditas obras.

TERCEIRO.- NOTIFICAR o presente acordo ao interesado, indicando os recursos que



fronte ao mesmo se poden interpoñer.

Intervencións:

<https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/GdRvTAF0He8DlitjLCikyfibhEBqNY5y87HLOA7v5eFJt2D>

Expediente 2252/2025. Denegar a solicitude de bonificación do 30% na cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) correspondente á licenza de obras nº 163/2023, presentada por CONDE RODRÍGUEZ JOSÉ (34254838H), por incumprimento do prazo establecido no artigo 7 da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións,	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Feitos e fundamentos de dereito:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data 18 de febreiro de 2025, ten entrada no Rexistro Xeral do Concello de Monforte de Lemos co número 2025-E-RC-2572, solicitude presentada por CONDE RODRÍGUEZ JOSÉ (34254838H) de bonificación do 30% na cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) correspondente á licenza de obras nº 163/2023, concedida para a rehabilitación de vivenda na Rúa Flores nº 19-21, con referencia catastral 2590511PH2029S0001EJ-2590512PH2029S0001SJ.

SEGUNDO.- Na solicitude, o interesado expón que as obras están incluídas dentro dos supostos contemplados no artigo 7.a da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras do Concello de Monforte de Lemos, como susceptibles de bonificación do 30% na cota do imposto por tratarse dunha obra de rehabilitación realizada dentro da actual delimitación de Conxunto Histórico Artístico de Monforte de Lemos.

TERCEIRO.- Consta no expediente a seguinte documentación aportada polo solicitante:

- Informe da Oficina de Rehabilitación
- Liquidación do Imposto (2023-236802) por importe de 1.786,00€.
- Licenza de obra
- Certificado de conta bancaria

CUARTO.- Segundo o informe da Oficina Municipal de Rehabilitación de Monforte de Lemos, de data 17 de febreiro de 2025, asinado polo Arquitecto Técnico PÉREZ PÉREZ JOSÉ MANUEL, confírmase que a edificación ten licenza de obra concedida pola Xunta de Goberno Local con data 17 de xuño de 2023 para obras de rehabilitación de vivenda sita na rúa Flores nº 19-21, e atópase dentro da actual delimitación de Conxunto Histórico Artístico de Monforte de Lemos.



QUINTO.- Consta no expediente copia da notificación do acordo da Xunta de Goberno Local de 12 de xuño de 2023, na que se concede a licenza para obras de rehabilitación nº 163/2023 ao solicitante, e na que tamén se aproba a liquidación do imposto de construcións, instalacións e obras 2023-236802 por importe de 1.786,00€.

SEXTO.- Consta tamén no expediente xustificante de pago do ICIO por importe de 1.786,00 € realizado o 28 de agosto de 2023 mediante tarxeta Visa CaixaBank.

SETIMO.- Con data 2.4.2025 foi notificado ao interesado proposta de denegación da solicitude de bonificación, concedendo prazo de dez días para a presentación de alegacións ao abeiro do disposto no artigo **136 do Real Decreto 1065/2007**, de 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, sen que conste a presentación de alegacións por parte do interesado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- De conformidade co disposto no artigo 7 da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras do Concello de Monforte de Lemos, "O recoñecemento das bonificacións aludidas corresponderá ao Pleno co voto da maioría simple dos seus membros sen prexuízo das delegacións que poidan proceder segundo a normativa vixente".

SEGUNDO.- De conformidade co Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en particular o seu artigo 103.2, que establece a posibilidade de que as ordenanzas fiscais regulen bonificacións sobre a cota do ICIO, entre outras, a favor de construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

TERCEIRO.- A Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) do Concello de Monforte de Lemos, no seu artigo 7.a), establece unha bonificación do 30% na cota do imposto polas obras de rehabilitación realizadas dentro da actual delimitación de Conxunto Histórico Artístico de Monforte de Lemos.

CUARTO.- De conformidade co artigo 7 da mesma Ordenanza Fiscal Reguladora, que establece o procedemento a seguir para obter a bonificación, sinala textualmente: "Para poder gozar desta bonificación, os suxeitos pasivos do imposto deberán instar a solicitude de declaración de especial interese dentro do período comprendido dende a data da solicitude da licenza de obras a data da finalización do prazo de ingreso en período voluntario da liquidación provisional xirada en concepto de imposto sobre construcións, instalación e obras."

QUINTO.- De conformidade co establecido no artigo 8 da Ordenanza Xeral de Xestión dos



Ingresos Municipais de Dereito Público, "Con carácter xeral, a concesión de beneficios fiscais non terá carácter retroactivo, polo que no caso de concederse, os seus efectos comezarán a operar dende o momento no que por primeira vez teña lugar o deveción do tributo con posterioridade á data da solicitude do beneficio fiscal. Non obstante, cando a solicitude se formule antes de que a liquidación quedase consentida e firme, poderanse aplicar os beneficios fiscais no propio exercicio da solicitude sempre que na data do deveción do tributo concorresen os requisitos acreditativos."

SEXTO.- De conformidade co Real Decreto 1065/2007, de 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos (RGAT), en concreto o seu artigo 136, que regula o procedemento para o recoñecemento pola Administración tributaria de beneficios fiscais de carácter rogado.

Este artigo establece no seu apartado 3 que "Con carácter previo á notificación da resolución deberalle notificar ao obrigado tributario a proposta de resolución cando vaia ser denegatoria para que, nun prazo de 10 días contados a partir do día seguinte ao da notificación da devandita proposta, alegue o que conveña ao seu dereito".

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- Analizada a cronoloxía dos feitos, resulta evidente que a solicitude de bonificación foi presentada con posterioridade non só á aprobación da liquidación provisional (12/06/2023), senón tamén ao pago da mesma (28/08/2023), e moito despois da finalización do período voluntario de pago (12/09/2023), polo que a liquidación xa quedou consentida e firme.

II.- De conformidade co disposto no artigo 7 da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO, a solicitude de bonificación debe realizarse "dentro do período comprendido dende a data da solicitude da licenza de obras a data da finalización do prazo de ingreso en período voluntario da liquidación provisional xirada en concepto de imposto sobre construcións, instalación e obras". No presente caso, a solicitude foi presentada o 18/02/2025, é dicir, máis dun ano despois da data límite establecida pola ordenanza.

III.- Aínda considerando o disposto no artigo 8 da Ordenanza Xeral de Xestión dos Ingresos Municipais, que permite a aplicación de beneficios fiscais cando "a solicitude se formule antes de que a liquidación quedase consentida e firme", esta circunstancia non concorre no presente caso, xa que a liquidación foi aprobada, notificada, pagada e superou amplamente o período voluntario de pago, adquirindo por tanto firmeza moito antes da presentación da solicitude.

IV.- Non constan no expediente circunstancias excepcionais que poideran xustificar a admisión extemporánea da solicitude de bonificación.

Vista a proposta de resolución PR/2025/2953 de 28 de maio de 2025.

Resolución:

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros



/as do Grupo municipal Socialista e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto.

PRIMEIRO.- DENEGAR a solicitude de bonificación do 30% na cota do Imposto sobre



Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) correspondente á licenza de obras nº 163/2023, presentada por CONDE RODRÍGUEZ JOSÉ (34254838H), por incumprimento do prazo establecido no artigo 7 da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras do Concello de Monforte de Lemos, ao ter sido presentada a solicitude con posterioridade á data de finalización do prazo de ingreso en período voluntario da liquidación provisional, quedando esta consentida e firme.

SEGUNDO.- NOTIFICA o presente acordo ó interesado indicandolle os recursos que sexan procedentes en dereito

Intervencións:

<https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/8lsXwgjEuNqWgKpmq83BEkSqscfsuJO2GJErc0Xe8tGsDSH2>

Expediente 4978/2025. Aprobación do exp de contratación do servizo de Actividades deportivas e outros servizos auxiliares no Complexo Deportivo da Pinguela

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Feitos e fundamentos de dereito:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Informe de necesidade, asinado polo responsable de Deportes, de data 20/06/2025

Segundo.- Prego de prescricións técnicas do servizo a contratar, asinado polo responsable de Deportes, de data 20/06/2025.

Terceiro.- Providencia do Concelleiro de Deportes, de data 20/06/2025, na que dispón a apertura da licitación por procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada e tramitación ordinaria.

Cuarto.- RC nº 2025 22008616, con cargo á partida orzamentaria 342 22799, por importe de 230.821,10 €.

Quinto.- Prego de cláusulas administrativas particulares, de data 20/06/2025.

Sexto.- Informe xurídico, de data 20/06/2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- De acordo co artigo 25.1 da Lei 7 /1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) o Concello, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Segundo dispón o artigo 25.2 l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (tras redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e



sustentabilidade da administración local), se atopa o de *“Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.”*

Segundo.- O Concello de Monforte de Lemos carece na actualidade dos medios materiais necesarios, así como, do persoal cualificado para a execución do servizo, é o que xustifica a necesidade de acudir a contratación externa.

Terceiro.- Os artigos 131 e 156 a 158 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, (en adiante LCSP), permite tramitar o expediente de contratación deste servizo polo procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada con pluralidade de criterios, por razón da súa contía xa que o seu valor estimado é de 2.746.961,93 € máis IVE, superior polo tanto aos 221.000 euros.

Cuarto.- O artigo 44 da LCSP recolle que será susceptible de recurso especial en materia de contratación, os actos e decisións dos contratos de servizos que teñan un valor estimado superior a 100.000 euros.

Quinto.- O órgano competente para contratar é o Pleno, previa fiscalización de Intervención, a tenor da previsión da Disposición Adicional Segunda, apartado 2 da LCSP. Segundo o recollido no artigo 22 da LRBRL, no artigo 51 do Regulamento orgánico de funcionamento e na Disposición Adicional 9 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP), as competencias atribuídas ao Pleno como órgano de contratación poderán ser atribuídas ao Alcalde ou á Xunta de Goberno Local.

Vista a proposta de resolución PR/2025/3628 de 20 de xuño de 2025 fiscalizada favorablemente con data de 20 de xuño de 2025.

Resolución:

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto.

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación do servizo de **“ACTIVIDADES DEPORTIVAS E OUTROS SERVIZOS AUXILIARES”** polo importe de **1.384.926,63 € IVE** incluído e un prazo de execución de 2 anos, coa posibilidade de 2 prórrogas anuais.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas e o prego de cláusulas técnicas que rexerán en dita contratación.

Terceiro.- Aprobar o gasto correspondente, con cargo á partida orzamentaria 342 22799 do vixente orzamento xeral municipal

Así mesmo, o Concello adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e



ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír o gasto correspondente nos vindeiros orzamentos ata o fin da vixencia do contrato.

Cuarto.- Dispoñer a apertura da adxudicación mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada ao abeiro do artigos 156 a 158 da LCSP, ao existir un orzamento cun valor estimado superior a 221.000 €.

Quinto.- Delegar na Xunta de Goberno Local todos os trámites e actuacións necesarios para a adxudicación, formalización e execución do presente expediente de contratación.

Intervencións:

<https://videoplano-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/>

AMoJZtvlmjGpbIx6LM5cv3qCGy89rCMOGkWZZLBfOIogBINf

Expediente 615/2025. Actuacións Urbanísticas. Aprobar inicialmente o PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓN. PARQUE DO HOSPITAL	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Feitos e fundamentos de dereito:

“En relación co asunto de referencia, procede informar:

PRIMEIRO.- A Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, en adiante LSG, no seus artigos 70, 73, 74 e 75 , regula os plans especiais e dispón que:

“Artículo 70. Finalidades.

- 1. Podrán formularse y aprobarse planes especiales con la finalidad de proteger ámbitos singulares, llevar a cabo operaciones de reforma interior, coordinar la ejecución de dotaciones urbanísticas y proteger, rehabilitar y mejorar el medio rural.*
- 2. En ausencia de planeamiento general municipal, o cuando éste no contuviera las previsiones detalladas oportunas, podrán aprobarse planes especiales únicamente con la finalidad de proteger ámbitos singulares, rehabilitar y mejorar el medio rural o establecer infraestructuras y dotaciones urbanísticas, siempre que estas determinaciones no exijan la previa definición de un modelo territorial.*
- 3. Asimismo, en los ayuntamientos sin planeamiento general o que cuenten con plan básico municipal, podrán formularse planes especiales que tengan por objeto crear suelo urbano con destino a usos industriales o terciarios, a equipos públicos o la construcción de viviendas de promoción pública.*

A efectos del apartado anterior, deberán aplicarse los límites de sostenibilidad previstos en el artículo 41.3 para los usos industriales y terciarios y en el artículo 41.2 para los usos residenciales, y, en todo caso, las reservas previstas en el artículo 42.2.

- 4. Los planes especiales contendrán las determinaciones necesarias para el desarrollo del planeamiento correspondiente y, en todo caso, las propias de su naturaleza y finalidad.*



5. En ningún caso los planes especiales podrán sustituir a los planes generales en su función de instrumentos de ordenación integral del territorio, por lo que no podrán modificar la clasificación del suelo, salvo en los supuestos contemplados en el artículo 65 de la presente ley y en el apartado 3 de este artículo.

Artículo 73. Planes especiales de infraestructuras y dotaciones.

1. Los planes especiales de infraestructuras y dotaciones tienen por objeto el establecimiento y la ordenación de las infraestructuras relativas al sistema de comunicaciones, transportes, espacios libres públicos, equipamiento comunitario, instalaciones destinadas a los servicios públicos y suministros de energía y abastecimiento, evacuación y depuración de aguas y la implantación de los usos previstos en los apartados o) y p) del artículo 35.1, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 36.4.

2. Los planes especiales de infraestructuras y dotaciones contendrán las determinaciones adecuadas a su finalidad y, en todo caso, las siguientes:

a) Delimitación de los espacios reservados para infraestructuras y dotaciones urbanísticas y su destino concreto.

b) Medidas necesarias para su adecuada integración en el territorio y para resolver los problemas que genere en el viario y en las demás dotaciones urbanísticas.

c) Medidas de protección necesarias para garantizar la funcionalidad y accesibilidad universal de las infraestructuras y dotaciones urbanísticas.

Artículo 74. Formulación de los planes parciales y planes especiales.

Los planes parciales y planes especiales podrán ser formulados por los ayuntamientos, por la Administración autonómica, por otros órganos competentes en el ámbito urbanístico y por los particulares legitimados para hacerlo.

SEGUNDO. –En relación co procedemento de formulación e aprobación dos plans especiais o artigo 75 da LSG, dispón que:

“Artículo 75. Procedimiento de aprobación de los planes parciales y planes especiales”.

1. La tramitación de los planes parciales y planes especiales se ajustará al siguiente procedimiento:

a) El órgano municipal competente procederá a su aprobación inicial y lo someterá a información pública como mínimo durante dos meses, mediante anuncio que se publicará en el «Diario Oficial de Galicia» y en uno de los periódicos de mayor difusión en la provincia. Asimismo, se notificará individualmente a todas las personas titulares catastrales de los terrenos afectados.

b) Durante el mismo tiempo en el que se realiza el trámite de información pública, la Administración municipal deberá recabar de las administraciones públicas competentes los



informes sectoriales y consultas que resulten preceptivos. Los informes sectoriales autonómicos habrán de ser emitidos en el plazo máximo de tres meses, transcurrido el cual se entenderán emitidos con carácter favorable.

c) Cuando, con posterioridad al trámite de información pública, se pretendan introducir modificaciones que supongan un cambio sustancial del documento inicialmente aprobado, se abrirá un nuevo trámite de información pública.

d) Los servicios jurídicos y técnicos municipales deberán emitir informe respecto a la integridad documental del expediente, las actuaciones administrativas realizadas, la calidad técnica de la ordenación proyectada y la conformidad del plan con la legislación vigente.

e) La aprobación de planes especiales no previstos en el plan general y de planes especiales de protección que contengan la ordenación detallada del suelo urbano consolidado requerirá, en todo caso, la previa emisión del informe preceptivo y vinculante en lo que se refiera al control de la legalidad y la tutela de los intereses supramunicipales, así como al cumplimiento de las determinaciones establecidas en las Directrices de ordenación del territorio y de los planes territoriales y sectoriales.

A estos efectos, cumplimentados los trámites señalados en los apartados precedentes, el órgano municipal competente aprobará provisionalmente el contenido del plan con las modificaciones que fueran pertinentes, sometiéndolo, con el expediente completo debidamente diligenciado, al órgano competente en materia de urbanismo para su informe preceptivo, que habrá de ser emitido en el plazo de dos meses, a contar desde la entrada del expediente completo en el registro de la consejería. Transcurrido este plazo sin que se hubiera comunicado el informe solicitado, podrá continuarse la tramitación del plan.

El órgano competente en materia de urbanismo, en el plazo de un mes, examinará la integridad del proyecto de plan. De apreciarse alguna deficiencia, requerirá su enmienda. Hasta el cumplimiento efectivo del requerimiento no comenzará el cómputo del plazo legal para la emisión del informe.

f) Cumplimentados los trámites señalados en los apartados precedentes, el ayuntamiento procederá a su aprobación definitiva.

2. En el supuesto de los planes parciales y planes especiales que hayan de someterse a evaluación ambiental estratégica ordinaria, en virtud de lo dispuesto en el artículo 46.1, se seguirá el procedimiento establecido en el artículo 60, apartados 2, 3, 4, 5, 8, 9, 10, 11 y 12.

3. En el supuesto de los planes parciales y planes especiales que hayan de someterse a evaluación ambiental estratégica simplificada, en virtud de lo dispuesto en el artículo 46.2, con carácter previo a la aprobación inicial del documento, se realizarán los siguientes trámites:

a) El promotor remitirá al órgano ambiental la solicitud de inicio de la evaluación ambiental estratégica simplificada, a la que acompañará el borrador del plan y el documento ambiental estratégico, con el contenido establecido en la legislación vigente.



b) El órgano ambiental, en el plazo de dos meses, a contar desde la recepción de la documentación completa, formulará el informe ambiental estratégico, tras identificar y consultar a las administraciones públicas afectadas y a las personas interesadas por plazo de dos meses.

En el caso de planes especiales no previstos en el plan general y de planes especiales de protección que contengan la ordenación detallada del suelo urbano consolidado, entre los órganos a consultar estará el competente en materia de urbanismo.

El órgano ambiental, habida cuenta del resultado de las consultas, determinará en el informe ambiental estratégico si el plan tiene o no efectos significativos en el medio. En caso de no prever efectos significativos, el plan podrá aprobarse en los términos que el propio informe establezca.

El informe ambiental estratégico se remitirá en el plazo de quince días hábiles para su publicación en el «Diario Oficial de Galicia» y en la sede electrónica del órgano ambiental.

4. La aprobación definitiva de los planes parciales y de los planes especiales corresponderá al órgano municipal competente.

TERCEIRO.- En relación coa documentación que deben conter os plans especiais o decreto 413/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, nos seus artigos 185 e 186 dispón:

“Artículo 185. Formulación de los planes parciales y planes especiales.

1. Los planes parciales y planes especiales podrán ser formulados por los ayuntamientos, por la Administración autonómica, por otros órganos competentes en el ámbito urbanístico y por los particulares legitimados para hacerlo (artículo 74 de la LSG).

En el caso de planes formulados por los particulares, estos deberán cumplir lo establecido en los artículos 159 y 160.

2. Antes de iniciar la tramitación del plan parcial o del plan especial, los servicios técnicos municipales y las empresas suministradoras y/o distribuidoras deberán informar, en el plazo máximo de un mes, sobre la suficiencia de las infraestructuras y de los servicios existentes y previstos, de acuerdo con lo previsto en el artículo 162.g) de este reglamento. Transcurrido el plazo sin que se hubiese emitido el informe, podrá continuarse con el procedimiento.

CUARTO.- O procedemento de aprobación dos planes especiais recollido no artigo 75 da LSG, citado no parágrafo 2º do presente informe, está desenvolvido no art. 186 do decreto 413/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia que dispón que:

1. La tramitación de los planes parciales y planes especiales se ajustará al siguiente procedimiento:

a) El órgano municipal competente procederá a su aprobación inicial y lo someterá a



información pública como mínimo durante dos meses, mediante anuncio que se publicará en el Diario Oficial de Galicia y en uno de los periódicos de mayor difusión en la provincia. Asimismo, se notificará individualmente a todas las personas titulares catastrales de los terrenos afectados (artículo 75.1.a) de la LSG).

La Administración municipal deberá solicitar, en el momento que corresponda en cada caso, los informes sectoriales que resulten preceptivos de conformidad con la normativa vigente.

Respecto de los informes sectoriales a los que se hace referencia en este punto y en el punto siguiente, en el anexo II se recoge un listado de dichos informes y del momento en el que deberá solicitarse cada uno de ellos, de acuerdo con la normativa sectorial correspondiente.

